

DEBUXO ARTÍSTICO II
2ºBACHARELATO
CURSO 2022/2023

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	2
OBXECTIVOS DA MATERIA.....	3
CONTIDOS E RELACIÓN COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	4
CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	7
TEMPORALIZACIÓN.....	9
CONCRECCIÓN QUE REQUIRE A MATERIA.....	9
RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES.....	12

1. INTRODUCCIÓN

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual,

da educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato afondarase nas destrezas e no do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa.

As materias Debuxo Artístico I e II achegan coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

De xeito gradual e secuencial, os coñecementos e as destrezas adquiridos en Debuxo Artístico I deben ser a base sobre a que se asente Debuxo Artístico II. Ensinarase e aplicarase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia adquirindo as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos globais.

En Debuxo Artístico I, o alumnado traballa a materia de forma máis obxectiva, para dedicar o segundo curso a aspectos máis subxectivos, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas máis acordes cos seus intereses.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros e as súas compañeiras; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural; debe coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

A materia de Debuxo Artístico nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando para outras ensinanzas posteriores que o alumnado poida cursar, sexan artísticas ou tecnolóxicas, como base para a formación de profesionais creativos/as: ensinanzas artísticas superiores, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, belas artes e outras afíns; en definitiva, ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas (interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiaría, ilustración, deseño web, multimedia, etc.).

Debuxo Artístico I estrutúrase en cinco bloques de contido: "O debuxo como ferramenta", "Liña e forma", "A composición e os seus fundamentos", "A luz: o claroscuro e a textura" e "A cor".

Debuxo Artístico II estrutúrase noutros cinco bloques de contido: "A forma: estudo e transformación", "A expresión da subxectividade", "Debuxo e perspectiva", "O corpo humano como modelo" e "O debuxo no proceso creativo".

3. OBXECTIVOS PARA O CURSO

- a. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b. Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. f. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida
- j. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- k. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- l. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables
- m. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- n. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A forma. Estudo e transformación	
■ DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas).	■ CSIEE ■ CCEC
■ DA2.B1.1.2. Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita.	■ CCEC ■ CD
Bloque 2: A expresión da subxectividade	
■ DA2.B2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.	■ CSIEE ■ CCEC
■ DA2.B2.2.1. Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas).	■ CCL ■ CCEC
■ DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.	■ CAA
■ DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos.	■ CCL
Bloque 3. Debuxo e perspectiva	
■ DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.	■ CSC
■ DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.	■ CSIEE ■ CCEC
■ DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.	■ CSIEE ■ CCEC
Bloque 4. O corpo humano como modelo	
■ DA2.B4.1.1. Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.	■ CCEC
■ DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.	■ CMCCT ■ CCEC
■ DA2.B4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.	■ CSIEE ■ CCEC
■ DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.	■ CAA
■ DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.	■ CSIEE ■ CCEC

Bloque 5. O debuxo no proceso creativo

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
■ DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.	■ CD
■ DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.	■ CSC
■ DA2.B5.2.2. Demuestra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.	■ CSIEE ■ CCEC
■ DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.	■ CMCCT ■ CAA
■ DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.	■ CCL
■ DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.	■ CAA ■ CSIEE ■ CCEC ■ CCL
■ DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	■ CSC

**Lenda Competencias clave

CD Competencia Dixital

CCL Comunicación lingüística.

CAA. Competencia aprender a aprender.

CSC. Competencias sociais e cívicas.

CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CCEC. Conciencia e expresións culturais

CMCCTCO Competencia matemática e competencias básicas de ciencia e tecnoloxía.

Estándares de aprendizaxe	Porc %
■ DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.	60
■ DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos.	50
Bloque 3. Debuxo e perspectiva	
■ DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.	90
■ DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.	70
■ DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.	90
Bloque 4. O corpo humano como modelo	
■ DA2.B4.1.1. Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.	60
■ DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.	70
■ DA2.B4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.	80
■ DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico- plástica aplicando diferentes técnicas.	40
■ DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.	70
Bloque 5. O debuxo no proceso creativo	
■ DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.	40
■ DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.	70
■ DA2.B5.2.2. Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico- plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.	80
■ DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.	30
■ DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.	50
■ DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.	90
■ DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	70

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na materia de Debuxo Artístico II para o curso 20/21 o alumnado realizará unha proba inicial que consistirá nunha proba teórico-práctica. A proba teórica será un cuestionario escrito elaborado pola profesora da materia que avaliará o coñecemento de vocabulario e conceptos relacionados coa linguaxe visual e as artes plásticas; este cuestionario tamén nos indicará o grao de madurez do alumnado a través da linguaxe escrita. A proba práctica avaliará as destrezas do alumnado no referente ao manexo de técnicas gráfico-plásticas, visión espacial, e a representación e creación de imaxes utilizando os elementos básicos da linguaxe plástica.

Esta avaliación inicial será punto de partida para detectar posibles necesidades específicas do alumnado, de modo que se poidan establecer pautas de reforzo na aula ou medidas educativas concretas e individualizadas en colaboración co Departamento de Orientación do centro, tal e como se concreta no apartado de atención á diversidade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Os alumnos/as serán avaliados da materia mediante os seguintes instrumentos:

- Traballo na aula, con correccións do profesor/a e anotación por parte deste/a acerca do emprego dos distintos materiais, aplicación das correccións recibidas progresión, e carencias a corrixir.
- Presentación de traballos sobre os contidos do curso, realizados na aula e na casa, seguindo as instrucións dadas polo profesor/a en canto a formato, técnicas, materiais, etc, que se deberán entregar nas datas indicadas.
- Realización de probas teórico-prácticas nas que se poñan en práctica os contidos esixibles, no tempo indicado polo profesor/a e seguindo as instrucións que se dean.

Os criterios de cualificación a ter en conta na avaliación de cada traballo pola profesora serán os seguintes:

1. Aplicación correcta dos contidos conceptuais adecuados á consecución da mensaxe proposta.
2. Dominio das técnicas de debuxo e posta en práctica para a consecución da mensaxe proposta.
3. Manexo correcto dos instrumentos e materiais empregados.
4. Presentación e acabado dos traballos, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.
5. Adecuación ás instrucións e condicións postas polo profesor para cada traballo.

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polos alumnos/as nos seguintes apartados, axustándose á ponderación seguinte:

A	Láminas e traballos (de 5 a 8 por trimestre) realizadas NA AULA	As láminas valoraranse de 0 a 10 puntos, poidendo ponderar a nota de cada lámina dentro do cómputo global das mesmas en función da complexidade que presente ou o tempo de traballo requerido. Só se puntuará o traballo da lámina EN CLASE e só poderá traballarse na casa para mellorar ou perfeccionar, non elaborar na totalidade fóra da aula. A puntuación de cada lámina rebaixarase nun punto se é entregada cun día (de clase) de retraso, e 2 puntos se o é en dous días, e computará só a metade do seu valor se é entregada con mais de dous días de retraso. No caso de non entregarse computará como un 0	80 %
B	Caderno de artista	O alumnado deberá entregar cada trimestre un mínimo de 7 debuxos libres que fará nun caderno no que traballará con técnicas e temas libres e deberá ser entregado o día do examen	20 %

Só se efectuará media ponderada entre láminas se acada a cualificación mínima de 3 puntos sobre 10. Cada día no que o alumno/a non presente material se rexistrará cun signo negativo. Cada negativo corresponderase cun 0.15 menos na nota da avaliación.

A recuperación de cada unha das avaliacións consistirá na realización dunha entrega de láminas e de traballos non aprobados ou non entregados. As datas de entrega dos traballos para recuperar e do exame das avaliacións suspensas estableceranse nos primeiros días da avaliación posterior á avaliación non superada.

A nota final será a media ponderada das notas finais das tres avaliacións, no caso de ter unha media inferior a 5 ten a opción de recuperala de cara á avaliación ordinaria e final do mes de xuño.

O alumnado promocionará en xuño se a nota media das tres avaliacións é de **5** ou superior. As notas redondearanse á alza se a cifra do primeiro decimal supera o 5.

No caso de que o alumnado suspenda algunha avaliación, a profesora propoñerá como medida de recuperación da mesma a realización dun traballo complementario que se avaliará seguindo os mesmos criterios de avaliación que expoñemos neste apartado. Tamén deberá entregar traballos que consten sen entregar e aqueles suspensos.

Convocatoria extraordinaria: O alumnado que non promocione en xuño deberá presentarse en Xullo a unha proba práctica. Esta proba práctica ponderará o 40% da nota final. O 60% da nota estará determinada pola calificación obtida nunha carpeta de actividades propostas en xuño pola docente e que será entregado polo alumno/a o día do exame.

5. TEMPORALIZACIÓN

Os contidos do curso clasificaranse en tres grandes bloques conceptuais:

BLOQUE I: DEBUXO E EXPERIMENTACIÓN

- Técnicas gráfico-plásticas
- Retentiva e memoria visual
- Proceso creativo

BLOQUE II: DEBUXO E EXPRESIÓN

- Representación obxectiva e subxectiva.
- Valor expresivo da luz e a cor.
- Da figuración á abstracción.

BLOQUE III: DEBUXO E REPRESENTACIÓN

- Representación de obxectos.
- Representación da figura humana.
- Representación do espazo.

Os contidos asociados a estes bloques poderán ser impartidos de xeito secuencial, (facendo coincidir -máis ou menos- cada bloque cunha avaliación) mais cunha aproximación aberta que permita retomar contidos xa dados ou avanzar contidos se resulta axeitado segundo as características e necesidades do alumnado.

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

A metodoloxía empregada incluírá a exposición de contidos teóricos e a posterior realización de traballos prácticos. Seguiranse as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Promover a interacción entre o alumnado e o profesorado para crear un ambiente de cooperación e participación que favoreza a comunicación e o intercambio de ideas.
- Planificación das clases alternando debuxos de realización máis esixente con sesións de apuntes rápidos ou máis experimentais para evitar a monotonía.
- Adaptar os obxectivos e contidos da materia aos intereses e capacidades de cada alumno/a.
- Potenciar a mirada crítica, de forma que as alumnas e os alumnos poidan ser conscientes dos recursos empregados e poidan construír a súa propia opinión e creación con espírito responsable.
- Empregar e fomentar o uso das TIC, especialmente para presentar contidos, busca de documentación, de obras de artistas, etc.
- Realizar actividades que teñan como resultado un debuxo final, expresivo e personal.
- Potenciar a sensibilidade artística e estética e os valores positivos propios dunha sociedade harmoniosa e equilibrada.
- Potenciar a presenza da reflexión teórica durante o proceso da elaboración práctica. Realizaranse exposicións teórico-prácticas a través de diferentes recursos pedagóxicos, como poidan ser libros do Departamento, fondos da biblioteca, recursos audiovisuais, etc.

En canto ós recursos materiais, entendemos como tales non só as dotacións específicas ligadas á aplicación da normativa legal (aula, dotacións básicas), senón tamén todas aquelas que son opcionais e que dependen en boa medida da disposición do profesorado ou das dispoñibilidades propias do noso centro.

A aula de Debuxo que xa describimos noutro apartado permite na materia de Debuxo Artístico II traballar o debuxo en horizontal sobre as mesas. Sería oportuno contar cun espazo a maiores onde o alumnado poidera traballar e debuxar empregando cabaletes de madeira. Tal como está organizada a aula as mesas de debuxo non deixan espazo libre para realizar este tipo de prácticas.

- Modelos varios de escaiola para debuxo do natural.
- Sólidos básicos en madeira e plástico.
- Material para reciclaxe.
- Láminas de arte.
- Uso das TICS

Os indicadores de logro son instrumentos que utiliza o profesor para avaliar a súa propia práctica docente. Para isto utilízanse varios procedementos que forman parte dos criterios de calificación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis. Os instrumentos de avaliación máis idóneos para dita identificación son a rúbrica e o portfolio.

As rúbricas: son instrumentos para o rexistro e análise de información obtida sobre a execución dunha tarefa por parte dun alumno/a.

O portfolio: é a ferramenta que recolle e reflicte o proceso de aprendizaxe do alumno de forma complexa e completa. O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica na programación de Aula.

O alumno/a que non alcance unha avaliación positiva durante o curso, nin nas recuperacións, ou que perdesse o dereito á avaliación continua deberá presentarse a unha proba final de tipo teórico-práctico, na que se avaliará o seu grao de consecución dos contidos mínimos esixíbeis.

A diversificación curricular debe tratarse como unha forma de atención á diversidade que se dá de modo natural en todos os niveis educativos.

Trala avaliación inicial do alumnado e a información facilitada polo equipo de Orientación do centro e o profesorado; consideraranse as diferentes medidas educativas de atención á diversidade que se deban levar a cabo. No caso de detectar alumnado con necesidades específicas, se traballará nas diferentes medidas posibles para adecuar os obxectivos, contidos ou metodoloxía as características de dito alumnado. Ademais de medidas de reforzo ou adaptación curricular podemos establecer outras medidas que teñan que ver coa integración do alumno/a no grupo da clase, ubicación, ou adaptación dos recursos pedagóxicos.

8.5. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.

- Participación en certames convocados polo propio centro e outras institucións ou organismos culturais.
- Exposicións de traballos (en colaboración ou non con outras materias e niveis), involucrando ao alumnado en todo o proceso de organización.
- Actividades de deseño e intervencións artísticas no centro.
- Charlas ou obradoiros a realizar no propio centro escolar.
- Considerarase a posibilidade de saída a algunha exposición ou visita guiada dependendo da dispoñibilidade ou non dos propios museos. Os museos cos que se contactará para ver a dispoñibilidade serán:
 - Sede Afundación Pontevedra
 - Sede Afundación e museo de Belas Artes da Coruña
 - Sede Afundación , CEGACe o Pórtico da Gloria en Santiago
 - Centro de gravado e estampación de Betanzos

Ao longo do curso comprobaranse (mediante observación do profesor e enquisas entre o alumnado) as dificultades presentadas polos alumnos/as para acadar os obxectivos fixados, as cales serán postas en común nas reunións de departamento. Unha vez rematado o curso, presentaranse as modificacións correspondentes que poidan contribuír a unha mellora do proceso de aprendizaxe para o curso seguinte.

9. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES.

Mecanismos para o seguimento: Co obxecto de facilitar ao alumnado da ESO e do Bacharelato que teña materias pendentes dos anos anteriores, na área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual nos cursos de 1o e 3o da ESO, de Debuxo Técnico no curso de 1o de Bacharelato, e Debuxo Artístico 2 a súa superación, e para organizar as actividades que permitan facerlle un seguimento, así como a recuperación e a avaliación das mesmas, establécense dous procedementos que non son mutuamente excluíntes.

- Procedemento de superación continuado: Consistirá nun seguimento parcial e continuado do alumno, no proceso de aprendizaxe e superación, da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, correspondente aos cursos de 1o ou 3o da ESO ou da materia de Debuxo Técnico de 1o de Bacharelato que o alumno teña pendente. En base as competencias clave a acadar, aos obxectivos perseguidos, aos contidos a impartir, así como aos criterios da avaliación especificados, así como ao grao mínimo de consecución establecidos para eles, na correspondente programación, para o desenvolvemento de cada materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual nos cursos de 1o e 3o da ESO ou para a materia de Debuxo Técnico I de Bacharelato; así como a secuenciación e temporalización das materias especificadas por avaliacións nas mesmas; márcanse igualmente tres bloques parciais correspondentes cada un deles, con cada avaliación do curso; e establécese para cada bloque o seguinte plan de traballo:

Exercicios prácticos e láminas: proposición ao comezo do curso ou de cada bloque por parte do profesor da materia de cada curso, no que existan alumnos coas materias pendentes, dunha serie de exercicios prácticos e láminas, propostas xa no ano anterior, para a súa realización por parte do alumnado na casa. Debendo realizar esta unha entrega da metade dos mesmos no medio da avaliación e da outra metade, ao finalizar esta, (marcándose datas de entrega específicas en cada caso). Se establecerá un recreo, un ou dous días á semana (a determinar co alumnado, según as súas necesidades o número de alumnos pendentes e do tempo dispoñible), na aula de debuxo, para clases de recuperación, aclaración de dúbidas teóricas e prácticas e para facer un seguimento do traballo dos alumnos, para que o entreguen nas datas fixadas; sendo a asistencia a aula de debuxo, nos citados recreos obrigatoria.

Proba teórico-práctica: coincidindo sensiblemente co final da avaliación, realizarase unha proba por bloque, dividida en dúas partes: a primeira escrita e teórica na que se poñerán preguntas curtas conceptuais sobre a materia abarcada e onde o alumno poida demostrar o seu grao de aprendizaxe conceptual e actitudinal; e a segunda práctica, na que se poñerán exercicios prácticos do estilo dos realizados nas láminas de cada bloque, onde o alumno poida demostrar a súa capacidade de análise, creatividade, dominio das técnicas gráfico-plásticas e dominio das linguaxes xeométricas e técnicas, así como a orde na realización dos traballos.

- Procedemento de superación en proba global final: Realizaranse unha proba global final, para as materias de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, correspondentes aos cursos 1o e 3o da ESO, e para a materia de Debuxo Técnico I de 1o de Bacharelato, realizaranse unha proba global final ordinaria e outra extraordinaria, nas que se necesiten, por haber alumnos con materias pendentes; celebrándose antes da correspondente xunta de avaliación final do curso, e á que poderán presentarse os alumnos que teñan estas materias pendentes, así como os que non conseguiran superar a materia pendente, polo procedemento descrito anteriormente.

Como se avalía e como se calcula a cualificación final: Para a superación das materias pendentes polo “procedemento de superación continuado” antes descrito, é necesario entregar todos os exercicios prácticos e láminas propostas para cada bloque; así como presentarse ás probas teórico-prácticas de todos os bloques.

A puntuación de cada bloque obterase do seguinte xeito:

- Na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 1o e 3o curso da ESO.

Un 40% da cualificación obterase da media aritmética, correspondente aos exercicios prácticos e láminas feitos e entregados durante o período de desenvolvemento do bloque correspondente, sendo cada traballo do mesmo, puntuado de xeito individual.

Un 60% da cualificación corresponderá á proba teórico-práctica, valorándose de igual forma a parte teórica de coñecementos conceptuais e actitudinais, que a parte práctica de valoración de procedementos e destrezas (30% cada unha).

- Na materia de Debuxo Técnico de 1o curso de Bacharelato.

- Un 25% da cualificación obterase da media aritmética, correspondente aos exercicios prácticos e láminas

feitas e entregadas durante o período de desenvolvemento do bloque correspondente, sendo cada traballo do mesmo, puntuado de xeito individual.

- Un 75% da cualificación corresponderá á proba teórico-práctica, cando esta teña dúas partes diferenciadas, lles corresponderá o 25% a nota da parte teórica de coñecementos conceptuais e actitudinais e un 50% a nota da parte práctica de valoración de procedementos e destrezas.

- Na materia de Debuxo Artístico I xa que na programación non existe proba escrita, a media da avaliación será a media dos traballos entregados sendo como mínima nota un 3 para facer media.

A nota final das materias pendentes de Educación Plástica, Visual e Audiovisual ou de Debuxo Técnico, por este procedemento, obterase por redondeo (salvo no intervalo do 4 ao 5 que se obterá por truncamento) da media aritmética das notas obtidas en cada bloque; sempre e cando en cada un deles, por separado, non se teña unha nota inferior a 3 puntos nas materias de Educación Plástica, Visual e Audiovisual; ou non se teña unha nota inferior a 4 puntos na materia de Debuxo Técnico; nin se teña máis dun bloque cunha nota inferior a 5 puntos; precisando para aprobar chegar á nota final de 5 puntos.

Para a superación das materias pendentes polo “procedemento de superación en proba global final” os exames constarán de:

- Unha parte teórica consistente nunhas preguntas curtas, que comprendan contidos de todas as unidades

didácticas ou temas da programación do curso, nas que se avaliarán contidos e actitudes, relacionados cos

obxectivos e coas competencias. Puntuando sobre 10 puntos a totalidade desta parte.

- Unha parte práctica con 1 ou 2 exercicios relacionados con varias unidades didácticas ou temas, na que o alumnado poda demostrar a súa capacidade de análise, de creatividade, de iniciativa persoal, do dominio das técnicas gráfico-plásticas e do dominio da linguaxe xeométrica e técnica, así como a orde na realización dos exercicios; relacionados tamén cos obxectivos e coas competencias. Puntuando sobre 10 puntos a totalidade de esta segunda parte tamén.

A nota final correspondente a estas probas na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual nos cursos da ESO, obterase como redondeo (salvo no tramo do 4 ao 5 que se fará por truncamento), da media aritmética das notas das dúas probas, sempre e cando en cada unha delas por separado, se consiga un mínimo de 3 puntos.

A nota final correspondente a estas probas na materia de Debuxo Técnico I do curso de 1o de Bacharelato, tanto na convocatoria ordinaria, como na extraordinaria, estará formada por un 30% da nota da parte teórica e dun 70% da nota da parte práctica, calculando a nota final por redondeo (salvo no tramo do 4 ao 5 que se fará por truncamento), sempre e cando en cada unha delas por separado, se consiga un mínimo de 4 puntos.

Nalgunha ocasión tamén se poderá optar por unha única proba, tanto na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, como na de Debuxo Técnico, que englobe preguntas tanto teóricas como prácticas, similares ás das probas citadas anteriormente. Puntuando neste caso a totalidade desta proba sobre 10 puntos. Nos dous casos citados, para o aprobado o alumno deberá chegar aos 5 puntos.

ACREDITACIÓN DOS COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO.

No caso de alumnos de 2o de Bacharelato, que queiran cursar Debuxo Técnico II, sin ter cursado Debuxo Técnico I de 1o de Bacharelato; por considerarse ambas materias en continuidade, xa que non se pode aprobar Debuxo Técnico II de 2o de Bacharelato, sin ter aprobado o Debuxo Técnico I de 1o de Bacharelato; o Departamento de Debuxo deste centro, establece un procedemento para a Acreditación dos Coñecementos Previos da materia de Debuxo Técnico I de 1o de Bacharelato, para os casos antes citados, consistente no mesmo procedemento explicado no apartado anterior desta programación para o alumnado matriculado en 2o de Bacharelato, coa materia de Debuxo Técnico I de 1o de Bacharelato pendente, dispoñendo tamén neste caso dos dous procedementos alí descritos : “Procedemento de Superación Continuado” e “Procedemento de Superación en Proba Global Final, podéndose facer esta última, tanto en setembro antes de comezar o curso, como ao final de curso antes de obter a nota final do debuxo técnico II de 2o de Bacharelato, si non se superou o procedemento de superación continuado.

